

Excmo. Sr.:

A Xefatura Provincial de Montes e Industrias Forestais de Ourense, informa o seguinte:

1º.- Que recibíuse neste Servicio un escrito de D. Manuel Rodriguez, en calidade de presidente da Xunta de Montes de Vilaseco da Serra con data 18 de novembro, solicitando a transformación en convenio dos consorcios "Serra de Vilaseco" OR-3119 e Testeiro OR-3027 na parte correspondente os veciños de Vilaseco da Serra.

2º.- Que se acompaña certificación do secretario da comunidade D. Joaquón Rodríguez na que se fai constar que en asemblea xeral, en data 12 de outubro de 1997, se tomou o acordo de iniciar ós trámites para a subscripción do convenio.

3º.- Que o novo monte "SERRA DE VILASECO" queda constituido por 523 Has.

247 Has. procedentes do monte "Serra de Vilaseco" OR-3119 e 276 Has. procedentes do monte "Testeiro" OR-3027.

4º.- Que as superficies do monte "SERRA DE VILASECO" OR-3119 son:

- Superficie total	247 Has.
- Superficie repoboada	257 Has.

O convenio pasan:

- Superficie total	247 Has.
- Superficie repoboada	247 Has.

A DEDUCIR:

- Gastos por traballos a data de clasificación
según lei 13/89 1.870.999.-Ptas

- Cofinanciación U.E.
72,5% s/9.644.175.-Ptas. 6.992.027.-Ptas

TOTAL GASTOS COMPUTABLES POR TRABALLOS
OR-3119 8.533.313.-Ptas

B) Ingresos por aproveitamentos OR-3119..... 446.400.-Ptas

9°.- Que os gastos que por traballos, administración e gardería así como os ingresos do monte "Serra de Vilaseco", OR-3119, que pasan a conta do convenio do monte "Serra de Vilaseco" 321/55134 son:

A - GASTOS:

- Traballos: 8.533.313.-Ptas.

- Administración: 7,85/100x8.533.313.-ptas. 669.865.- "

- Gardería: 247 Ha. x 1.070 ptas./Ha. 264.290.- "

TOTAL GASTOS 9.467.468.-Ptas.

B - INGRESOS:

Por aproveitamentos 446.400.-Ptas.

TOTAL INGRESOS..... 446.400.-Ptas.

RESULTA UN SALDO NO MONTE "SERRA DE VILASECO" OR-3119 DOS VECIÑOS DE VILASECO DA SERRA DE:

G - I = 9.467.468.-Ptas. - 446.400.-Ptas. = 9.021.068.-Ptas.

10°.- Que os traballos de repoboación imputables o consorcio do monte "Testeiro" OR-3297 comezaron no ano 1953

A - GASTOS: por traballos OR-3027 o 31-12-97:41.062.928.-Ptas.

A DECUCIR:

- Gastos por traballos a data da clasificación
según lei 13/89 4.387.667.-Ptas
- Financiación U.E. 72,5% s/11.157.537.-Ptas. 8.090.214.-Ptas
TOTAL GASTOS COMPUTABLES POR TRABALLOS
OR-3027..... 28.586.047.-Ptas

B.- INGRESOS por aproveitamentos OR-3027

o 31-12-1997 6.775.001.-Ptas.

11°.- Que os gastos por traballos, administración e gardería así como os ingresos do monte "TESTEIRO" OR-3027 na parte correspondente os veciños de Vilaseco da Serra, que pasan a conta do monte "SERRA DE VILASECO" 321/55134 son:

A - GASTOS:

- Traballos 276 Has./672 Has. x 28.586.047.-Ptas. 11.740.698.-
- Administración; 7,85/100 x 11.740.698.-Ptas. 921.645.-
- Gardería: 276 Ha. x 1.075 ptas./Ha. 296.700.-
TOTAL GASTOS 12.959.043.-

B - INGRESOS:

276 Has./672 Has. x 6.775.001 ptas. 2.782.590.-Pts
TOTAL INGRESOS 2.782.590.-Pts.

RESULTA UN SALDO NO MONTE "TESTEIRO" NA PARTE CORRESPONDENTE OS VECIÑOS DE VILASECO DA SERRA DE:

G - I = 12.959.043.-Ptas. - 2.782.590.-Ptas. = 10.176.453.-
PTAS. A FAVOR DA XUNTA DE GALICIA.

Á vista de todo isto, propoñemos a V.E.:

1º.- Que se aprobe o convenio do monte coas seguintes bases:

Monte: SERRA DE VILASECO.

Elenco: 321/55134

Superficie: 523 Has.

Termo municipal: Viana do Bolo.

Pertenza: Vilaseco da Serra.

A contabilizar como subvención: 50%.

A contabilizar como anticipo: 50%.

Xuro/anticipo: 1%

Participación do propietario no voo: 70%.

Participación da Consellería no voo: 30%.

Saldo inicial do Convenio: 19.197.521.-ptas. a favor da XUNTA DE GALICIA.

2º.- Que no sucesivo o consorcio "TESTEIRO" OR-3027 teña as seguintes características:

Nome: "TESTEIRO".

Elenco: OR-3027

Superficie: 396 Has.

Pertenza: Pixeiros, Vilardemilo, Solveira e Castro.

Termo municipal: Viana do Bolo.

3º.- Que por pasa-la conta do Convenio do monte "S^a de Vilaseco" 321/55134, das contas do monte "TESTEIRO" OR-3027, se resten as seguintes cantidades:

- Gastos por traballos: 276 Has./672 Has.x28.586.047.-ptas.= 11.740.698.-Ptas.

- Ingresos: 276 Has./672 Has.x6.775.001.-ptas. =
2.782.590.- Ptas.

Non obstante V.E. resolverá,

Santiago de Compostela, 6 de agosto de 1998.

A XEFA DE SERVICIO DE XESTIÓN DE MONTES,



Asdo.: Mª Del Carmen Juliani Aguado.

Vº. Bº.
O DIRECTOR XERAL,



Asdo.: Tomás Fernández-Couto Juanas.

EXCMO. SR. CONSELLEIRO DE MEDIO AMBIENTE.

Visto o expediente de transformación do Consorcio do monte "Serra de Vilaseco" OR-3119 e do consorcio do monte "Testeiro" OR-3027 nun Convenio entre a Consellería de Medio Ambiente e a Comunidade veciñal propietaria do monte Monte Veciñal en Man Común "SERRA DE VILASECO", integrada por 523 Has. das que 247 proceden do monte "Serra de Vilaseco" e 276 Has. do monte "Testeiro" e a vista dos informes favorables, emitidos pola Subdirección Xeral de Montes e Industrias Forestais e polo Servicio de Montes e Industrias Forestais de Ourense, esta Sección Xurídica entende que procede a aprobación do devandito convenio nos termos propostos, por axustarse ó previsto na Lei 5/1977, do Fomento da Producción Forestal, ó Real Decreto 1279/78, que aproba o seu Regulamento, e ó Decreto 69/84, polo que se deixa sen aplicación, no ámbito da Comunidade Autónoma, o artigo 57 do devandito Real Decreto, así como á Lei 13/89, de Montes Veciñais en Man Común e ó Decreto 260/92, que aproba o seu Regulamento.

Santiago de Compostela, 9 de setembro de 1998.

A XEFA DA SECCIÓN XURÍDICA,



Asdo.: M^a José Tato Rocha.

ILMO. SR. DIRECTOR XERAL DE MONTES E MEDIO AMBIENTE
NATURAL. -

Vista a proposta formulada pola Dirección Xeral de Montes e Medio Ambiente Natural, e logo dos informes favorables emitidos pola Sección Xurídica e pola Xefatura Provincial de Montes e Industrias Forestais de Ourense.

R E S O L V O

1º.- Aproba-lo convenio do monte coas seguintes bases:

Nome: "SERRA DE VILASECO".

Elenco: 321/55134

Superficie: 523 Hás.

Pertenza: Vilaseco da Serra.

Termo municipal: Viana do Bolo.

A contabilizar como subvención: 50%.

A contabilizar como anticipo: 50%.

Xuro/ anticipo: 1%.

Participación da Comunidade no voo creado: 70%.

Participación da Consellería no voo creado: 30%.

Saldo inicial do convenio: 19.197.521.- ptas. a favor da XUNTA DE GALICIA.

2º.- Que no sucesivo o consorcio "TESTEIRO" OR-3027 teña as seguintes características:

Nome: "TESTEIRO".

Elenco: OR-3027

Superficie: 396 Has.

Pertenza: Pixeiros, Vilardemilo, Solveira e Castro.

Termo municipal: Viana do Bolo.

3°.- Que por pasa-la conta do Convenio do monte "S^a de Vilaseco" 321/55134, das contas do monte "TESTEIRO" OR-3021, se resten as seguintes cantidades:

-Gastos por traballos: 276 Has./672 Has.x 28.586.047.-ptas.= 11.740.698.-Pras.

-Ingresos: 276 Has./672Has. x 6.775.001.-ptas. = 2.782.590.-ptas.


Santiago de Compostela, 10 de setembro de 1998.

O CONSELLEIRO,

P/O 12/01/98

O SECRETARIO XERAL,



~~Asido por~~  Luis Aboal Garcia-Tuñon.

ILMO. SR. DIRECTOR XERAL DE MONTES E MEDIO AMBIENTE NATURAL.-

C O N V E N I O

N.º	321	55134
-----	-----	-------

En Santiago de Compostela, a de de mil novecientos noventa e

R E U N I D O S

Dunha banda, D. CARLOS DEL ALAMO JIMENEZ, Conselleiro de Medio Ambiente, en virtude da representación que legalmente ostenta.

Da outra, D. MANUEL RODRIGUEZ como representante da comunidade propietaria do monte veciñal en man común , segundo se acredita neste mesmo documento.

Ámbalas dúas partes recoñécense capacidade suficiente para asina-lo presente convenio.

E X P O Ñ E N

O artigo 27.10 do Estatuto de Autonomía para Galicia establece a competencia exclusiva da Comunidade Autónoma en materia de montes e aproveitamentos forestais, sen prexuízo do disposto no artigo 149.1.23 da Constitución.

O abeiro destas disposicións promulgáronse os Reais Decretos 167/81, 1234/83 e 1535/84, de traspaso de funcións e servicios á Comunidade Autónoma de Galicia en materia de conservación da natureza.

Este convenio establécese ó abeiro do previsto na Lei 5/77, do 4 de xaneiro, sobre fomento da produción forestal, desenvolvida polo Real Decreto 1279178, do 2 de maio, que aproba o seu regulamento, e modificado polo Decreto 69184, de 23 de marzo da Xunta de Galicia.

Este convenio rexeráse polas cláusulas que a continuación se consignan:

1ª.- O convenio ten por obxecto:

a) A modificación das condicións establecidas nos Consorcios subscritos con datas do para a repoboación dos terreos que se describen na cláusula 2.ª, quedando anulado este Consorcio na parte afectada polo presente convenio.

b) A incorporación a este novo contrato do voo e obras auxiliares creadas ó abeiro do Consorcio anterior.

c) A repoboación forestal dos terreos aínda susceptibles dela que se describen na cláusula segunda, a conservación e tratamento silvícola das masas que se creen, e o seu aproveitamento, ademais dos traballos de melloras do monte.

~~d) A conservación, tratamento silvícola e aproveitamento do arborado preexistente e independente do Consorcio anterior, que continuará pertencendo á entidade propietaria (risque se de non existir).~~

e) As obras e traballos complementarios e auxiliares concordantes cos anteriores fins.

2ª.- Os terreos afectados polo presente Convenio pertencen a LA COMUNIDAD DE MONTES VECINALES EN MANO COMUN DE VILASECO DE LA SIERRA.

e son os que a continuación se describen:

Denominación: SIERRA DE VILASECO

Termo municipal: VIANA DO BOLO

Provincia: OURENSE

Situación administrativa e legal MONTE VECINAL EN MANO COMUN (RESOLUCION DE 26 DE NOVIEMBRE DE 1.975.

Límites:

N.: MONTE COMUNAL DEL MISMO PUEBLO

S.: TERMINO MUNICIPAL DE A MEZQUITA Y A GUDIÑA

L.: TERMINO MUNICIPAL DE VILLANUEVA (ZAMORA)

O.: MONTE TESTEIRO DE LOS VECINOS DE PIXEIROS, LA BOUZA, VILLAR DE MILO Y SOLVEIRA.

Superficie: 523

Estado forestal: 366 HAS. P. SYLVESTRIS, P. UNCINATA, Q. PYRENAICA.

Con arborado pertencente á comunidade propietaria do chan:

Con voo creado procedente da repoboación realizada en virtude do consorcio anterior, que se converte e anula:

Sen vexetación arbórea: Servidumes: 157 HAS, LAS USUALES DE PASO

3ª.- O chan continuará pertencendo a LA COMUNIDAD DE MONTES VECINALES DE VILASECO DE LA SIERRA (VIANA DO BOLO).

que achega ó convenio:

- a) A súa participación no voo creado en virtude do consorcio sinalado.
- b) Os terreos descritos na cláusula segunda.
- c) O arborado da súa pertenza existente nestes terreos (rísquese se non existise).

4ª.- A Consellería de Medio Ambiente aporta ó convenio a súa participación no voo creado en virtude do anterior consorcio e as cantidades necesarias para cubri-los gastos a que dará lugar a súa execución.

Na correspondente conta de gastos, o 50 por cento contabilizarase en concepto de subvención; o restante 50 por cento, como anticipo reintegrable, ó interese do 1 por cento anual.

5ª.- Como primeira partida da conta do convenio consignarase o saldo acreedor resultante de actualiza-las contas de gastos e ingresos dos consorcios anteriores, que quedarán total ou parcialmente extinguidos. Este saldo, que será a diferencia entre a suma das partidas de gastos sufragados pola Consellería de Medio Ambiente, e os ingresos desta considerarase anticipo e, a partir del, aplicaráselle á nova conta o réxime previsto de subvencións e anticipos.

A relación de consorcios a converter é como segue: 247 HAS, SIERRA DE VILASECO (OR-3119) Y 276 HAS DE TESTEIRO (OR-3027)

6ª.- As propostas ou proxectos necesarios para o desenvolvemento das finalidades consignadas serán aprobadas pola Consellería de Medio Ambiente.

7ª.- Dos ingresos obtidos en cada aproveitamento do arborado creado durante a vixencia do convenio, e do incorporado a el, segundo a cláusula 1.ª, apartado b), o 30 por cento será para a Consellería de Medio Ambiente, e o 70 por cento restante, para a comunidade propietaria do terreo.

Dos ingresos obtidos en cada aproveitamento do arborado preexistente no monte e, daquela, pertencente ós propietarios do chan, a Consellería de Medio Ambiente recibirá o----- por cento, e a comunidade propietaria, o----- por cento restante.

Se, como consecuencia da execución de un aproveitamento, a participación da Consellería de Medio Ambiente excedese do saldo acreedor existente nese momento, en concepto do anticipo reintegrable segundo a cláusula cuarta, entregárase o exceso a comunidade propietaria.

Os ingresos obtidos dos restantes aproveitamentos, que se realizarán previa conformidade da comunidade propietaria, e que estarán subordinadas en canto á súa localización, época e contía, ás necesidades da repoboación e conservación do voo, corresponderán ó titular do chan.

8ª.- En caso de incendio, a Consellería de Medio Ambiente procederá ó aproveitamento do voo existente no terreo sinistrado, distribuindo o importe que se obteña, de acordo coas normas establecidas no convenio, e á restauración da masa arbórea nas mesmas condicións económicas que se estipulan para o resto dos traballos.

9ª.- o presente convenio, para o seu pleno funcionamento e eficacia a tódolos efectos como título auténtico, deberá ser subscrito pola comunidade propietaria do chan e pola Consellería de Medio Ambiente, figurando no mesmo certificación do acordo da Xunta de Comunidade co «quorum» regulamentario, no que se designe a persoa autorizada a efectos da signatura do Convenio.

Ata que teña lugar a devolución do anticipo, a Consellería de Medio Ambiente asumirá a posesión do voo, establecéndose un dereito real de garantía sobre este que, sen máis requisitos có contrato administrativo, será inscribible no Rexistro da Propiedade.

10ª.- A duración deste convenio será por un período de 50 anos.

Transcorrido este tempo, e se a Consellería Medio Ambiente, coa súa participación en beneficios que se consigna no primeiro parágrafo da cláusula sétima, cubrixe o seu saldo acreedor, en concepto de anticipo reintegrable segundo a cláusula cuarta, quedará automaticamente extinguido o convenio, reintegrándose o chan e as existencias que sustentase á plena posesión do seu titular.

En caso contrario, prorrogárase o convenio automaticamente ata que o resarcimento teña lugar.

Caso de que o saldo acreedor da Consellería de Medio Ambiente se cubrixe antes de que transcorra o prazo de duración do convenio, considerarase este tácitamente renovado, de non existir manifestación expresa das partes.

En calquera momento poderá cancelarse o convenio, previo aboamento á Consellería de Medio Ambiente do saldo pendente.

A extinción do convenio leva consigo que a totalidade do voo existente pase ó titular da propiedade do chan, con exención do Imposto sobre transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados.

11ª.- Tódalas melloras realizadas no monte, tales como camiños, construcións, etc., quedarán a beneficio do titular do chan ó se extingui-lo convenio; sen embargo, os camiños, puntos de auga e casetas de vixilancia contra incendios forestais, quedarán gravados cunha servidume de uso a favor da Consellería de Medio Ambiente, se esta o precisar.

12ª.- A especie a utilizar para a repoboación forestal obxecto deste convenio será P. SYLVESTRIS, P. UNCINATA.

13ª.- O convenio terá carácter administrativo, e a Consellería de Medio Ambiente interpretará e resolverá todas as cuestións que se susciten, derivadas do seu cumprimento.

Contra do presente convenio poderá interpoñerse recurso contencioso administrativo perante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous (2) meses.

Don VICENTE DAVID ALONSO FERNANDEZ, encargado da sección provincial do Rexistro Xeral de Montes Veciñais en Man Común.

CERTIFICO:

1.—Que entre os antecedentes que obran en poder deste rexistro figura copia dos estatutos da comunidade propietaria do monte veciñal en man común denominado SIERRA DE VILASECO a favor dos veciños de Serra de Vilaseco, no Concello de VIANA DO BOLO,

2.—Que, así mesmo, figura Don MANUEL RODRÍGUEZ RODRÍGUEZ, e Don JOAQUÍN RODRÍGUEZ FERNÁNDEZ, como presidente e secretario, respectivamente, da xunta rectora, deica desde 1 de maio 1995 ata 26 xuño 1995.

E para que conste, expido a presente certificación en Ourense,
a 1 de abril de 1999.



Don JOAQUIN RODRIGUEZ RODRIGUEZ, Secretario de LA COMUNIDAD DE MONTES VECINAIS

C E R T I F I C O : Que as cláusulas que anteceden foron aprobadas por esta comunidade, cumpríndose o requisito do quorum, en sesión celebrada o día 12 DE OCTUBRE DE 1.997 estando designado Don MANUEL RODRIGUEZ RODRIGUEZ representante dela para efectos da firma do convenio.

E para que conste, expido a presente certificación en VIANA DO BOLO
a 27 de NOVIEMBRE de mil novecientos noventa e SETE.

O SECRETARIO,

Visto e prace,

Manuel Rodriguez

O PRESIDENTE

Joaquin Rodriguez

Asdo. : MANUEL RODRIGUEZ

Asdo. : JOAQUIN RODRIGUEZ

Don TOMÁS FERNÁNDEZ-COUTO DE JUANAS, Director Xeral de Montes e Medio Ambiente Natural da Consellería de Medio Ambiente da Xunta de Galicia, dá a súa conformidade ás bases do presente convenio, e propón a súa sinatura.



Pola propiedade,

Manuel Rodriguez

D. MANUEL RODRIGUEZ



Pela Consellería de Medio Ambiente,
O CONSELLEIRO, P/O do 12/01/98
O SECRETARIO XERAL,

Asdo. José Luis Aboal Garcia Tuñon.